

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 2/2026
Solicitante: Club Balonmán Atlántico.

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo Club Balonmán as Atlántico, en data 18/02/2026, no que solicita a revogación dunha resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición .

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2526/21 acorda sancionar a o clube cunha multa de cen euros pola comisión dunha infracción leve.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo e forma.

De xeito previo presentaron escrito de alegacións no Comité de Competición.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Procedemento de segunda instancia. Capítulo 6º do RRDG.

O Comité de Apelación dispón de 30 días hábiles para a resolución dos recursos, que no presente caso utilizou xa que se recabou proba, tanto testificais como reportes tecnolóxicos á vista das alegacións do recorrente. Polo que estamos en disposición de resolver con coñecemento de causa, en calquera caso, o artigo 11 do RRDG sinala que de no resolveren en prazo o silencio administrativo será negativo, e por tanto, entenderíase desestimado o recurso.

SEGUNDO.- Aplicación do procedemento ordinario por parte do Comité de competición.

O Comité de competición con acerto na Acta recorrida califica a infracción de leve, e por tanto o ser así tipificada aplica o procedemento sancionador ordinario, polo que non debe abrir instrucción senín que resolve apreciando as alegacións aportadas, con sen dúbida fixo. E o escrito dirixido ao Comité foi tido en conta.

TERCERO.- A modificación do anexo da acta. Licitude.

Esta cuestión é sobre a que pivota o recurso presentado e nembargantes non ten a resolución sobre a mesma incidencia directa no recurso xa que pese a ter unha redacción distinta, probablemente máis formal e coidada no segundo caso ambas redactan un incidente leve co público que é o que sanciona o Comité de Competición, de feito como un acto leve e na contía de 100 €, que non é a maior que permite a norma.

O certo é que, como se xustificará a Acta é unha proba esencial e con presunción de veracidade e ademáis de non aportar proba en contra, a modificación do anexo non se contradí en absoluto e describiendo os mesmos feitos de xeito totalmente reconecible non xenera indefensión de ningún tipo no clube sancionado, que non só reconece ter acceso a ambas versións sino que reconece ter presentado alegacións o 23 de xaneiro, é dicir incluso de forma

previa a resolución do Comité de competición, polo que a súa capacidade de defensa e coñecemento dos feitos é total e indiscutible.

Por outra banda esta a obriga arbitral de subir as actas en prazo, a falta de norma propia aplican a norma nacional, artigo 177 do RPC da RFEBM que lles da 12 horas. Este Comité entende que a primeira obriga arbitral está cumprida, entende ademáis que non se vulnerou dereito algún dos clubs porque é un tema de redacción pero entende tamén que trátase de unha irregularidade arbitral, potencialmente sancionable.

A Federación Galega posúe unha circular, a Circular nº 16 coñecida por todos, xa que consta publicada onde o prazo é ampliado a 24 horas, prazo que entendemos oficioso por non estar recollido nunha norma. En calquera caso, esta parte non aproba a modificación posterior da Acta, xa que supón unha brecha da seguridade xurídica de todo o proceso. Motivo polo que considera pertinente a sanción de dita práctica.

Sin embargo, non sendo nula a acta, non habendo proba en contrario de que se recolla nela falsidade algunha, non existindo indefensión (máis nun caso no que presentáronse alegacións incluso antes da sanción e o único motivo para pedir a non tipicidade dos feitos é a alteración da acta, xa que os feitos sancionados non afectan nin ao xogador 19 como alegan, nin a ningún membro do equipo e non afecta a súa redacción ao respecto. Únicamente se sanciona conorme o artigo 53 a)incidencias do público. É esencial esta consideración, porque dende o punto de vista deste Comité que non comparte a modificación da Acta e o considera sancionable (como se dixo independente deste proceso) e ademáis pode visualizar se os feitos están correctamente relatados ou non coa proba videográfica aportada de adverso; considero que a tipificación por parte do Comité de Competición é impecable e lonxe de sancionar xogadores, sancionase ao clube local pola actuación do público que indudablemente polo contido de ambas actas, as testemuñas recollidas e o propio video, ocorreu obrigando a parar o encontro e a que se personasen nun centro deportivo as forzas e corpos de seguridade do Estado.

CUARTO.- Proba en contra da resolución recorrida. Validez da acta arbitral.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado por los órganos competentes.”

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle e a sanción se deriva de que ésta recolle un altercado cunha persoa concreta do público identificada como afeccionada do clube sancionado.

Así pese a modificación da acta, existen probas suficientes, a unidade e mantemento dun incidente cunha afeccionada do clube sancionado en ambos anexos, as testemuñas e a propia grabacion da vista polo que entendese que os feitos típicos ocorreron e deben ser sancionados. Independentemente de que a redacción dos árbitros do ocorrido sexa discutible, e sobretudo que a modificación sexa sancionable, ou debese retirada (cuestións para as que este Comité non ten competencia en absoluto, xa que debe sancionalos o comité de competición de proceder) non é nula.

QUINTO.- As peticións de adverso.

Este órgano ten competencia para revogar resolucións do Comité de competición contrarias a dereito, modulalas ou ratificalas.

1.- A primeira petición é que se admitan como certos uns feitos, para incluílos nunha acta arbitral. Non se ten competencia en modo algún para modificar o contido dun acta arbitral. O que sí podería ter feito este Comité é anular a sanción imposta por Comité de competición si se basease en falsedades probadas pola proba proposta (principalmente o video), así, constatado que existiu un altercado co público en concreto como din ambas redaccións do anexo cunha persoa identificada da afección do equipo sancionado, non incurre a resolución do comité en erro algún porque se basa

en feitos contidos na acta, na grabación, corroborados polas testemuñas e tampouco negados polo clube recorrente.

Sen perxuízo como solititan de que en virtude do artigo 2 e 5 do RRDG se inste un proceso sancionador fronte ao colectivo arbitral, este órgano non é quen de redactar ex novo o anexo do encontro, polo que debe desestimarse a petición.

2.- A segunda é pronunciamento sobre a modificación extemporánea. Novamente esta parte non ten competencia para isto, xa que a potestade disciplinaria contra os redactores da mesma é do Comité de competición, unicamente podendo pronunciarse este Comité en segunda instancia de existir resolución e recurso.

3.- Con respecto a revogación da resolución, pese a dificultade do caso ao poder existir infraccións de outros colectivos, a gravidade dos feitos acaecidos no encontro pese a terse calificado como infraccións leves e a complexidade de recabar a proba informática da plataforma de publicación da Acta arbitral esta parte debe concluir que os feitos acaecidos no encontro constitúen unha infracción clara do regulamento e por tanto sancionables, recollidos na acta ou non (mediando outras probas), mantéñese ademais a validez da acta arbitral no tocante á descrición dos feitos do artigo 53 a) e 58 do RRDG e por tanto no existe xustificación xurídica para a retirada da sanción imposta.

SEXTO.- Modulación da sanción.

A sanción non se impón no seu máximo e propio Comité de Competición na Acta recorrida e xustifica a súa decisión de impoñer a sanción en 100 € tendo en conta a actuación dilixente do delegado de campo do club local. Sendo xustificada expresamente, non sendo a sanción superior e non recollendo o RRDG a posibilidade de apercibimento non cabe minorar a sanción.

A actuación do clube, representado polo seu delegado foi correcta, válida para evitar unha sanción maior e ser tida en conta. Pero iso non desvirtúanos a norma disciplinaria que impón a sanción pola actuación da afección, supoñendo sen dúbida unha penalización para os clubes, os cales deben responsabilizarse de reeducar as afeccións, como a Federación e as

institucións públicas. Pero o certo é que o RRDG aprobase e modificase pola Asamblea e o RRDG recolle a sanción os clubs por incidentes de público.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto polo clube Balonmán Atlántico n contra a Resolución 2526/2021 do Comité Territorial de Competición que acorda a súa sanción, **CONFIRMANDO** a devandita resolución na súa totalidade.

Non habendo acollido a aplicación da cautelar por non acreditarse o periculum in mora e non xustificarse un perxuizo irreparable (pois unha sanción económica o é), non é preciso o seu levantamento.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación; ou ben dende que se considere o silencio administrativo negativo.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 8 de abril de 2026
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla